

**Acta núm. 6/2023.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 9 de maio de 2023.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

María Rosa Romero Fariña.

Carlos Noya Pereira.

Non asisten:

Sandy Marie Cebal Gómez.

José Luis Sampedro Bouzas.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 9 de maio de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 5/2023, DO 04.04.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) RENUNCIA A LICENZA OBRA MENOR.
- 8º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2023.
- 10º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 5/2023, DO 04.04.2023.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.04.2023, acta núm. 05/2023.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONCEPCIÓN MERCEDES RITA RODRÍGUEZ GARCÍA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Avda. Santa Minia 45, Brión:

.- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a tella cerámica curva existente por outra das mesmas características, sen modificar a estrutura, nin incrementar o seu volume actual.

.- Pintar as fachadas da vivenda en tonos brancos.

A parcela (referencia catastral 6259910NH2466S0001FO) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1. A vivenda está afectada por un ben integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave BE13: antigo cine Mahía, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 79,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 143,57 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FELIPE VÁZQUEZ TURNES, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Avda. de Noia 39, Os Ánxeles:

.- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura, nin incrementar o seu volume actual.

.- Pintar as fachadas da vivenda en cor branco.

A edificación (referencia catastral 6647304NH2464N0001QD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 125,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 190,07 euros

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marcos Otero Cebey, que di actuar en representación de BEIRADO, XESTIÓN INTEGRAL DE OBRAS, S.L., na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Soutullos 17, San Salvador, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra do mesmo material.

A edificación (referencia catastral 7426508NH2472N0001XY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se afecte á estrutura da cuberta nin ao seu volume.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 138,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 203,46 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCÍA PUENTES VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír un peche en tres lindes nunha parcela sita no lugar de Babenzo, Bastavales, con zócalo de formigón, reixa metálica por enriba ata unha altura máxima de 1,80 metros e unha lonxitude total de 105 metros lineais, separado na fronte que da a vía pública a 5,50 m. do eixo do vial.

A parcela (referencia catastral 8223344NH2482S0000DJ) emprazase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O zócalo de formigón deberá enfoscarse e pintarse en tonos claros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 38,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 102,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ FLORENTINO RAMOS COSTA, na que comunica que vai instalar un portalón de entrada e dous postes de formigón para a suxeición do mesmo, nunha parcela sita no lugar de Babenzo, Bastavales. O portalón terá 3 metros de ancho por 1,40 metros de alto, e afastarase 4 metros do eixo do vial.

A parcela (referencia catastral 8223324NH2482S0001EK) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O portalón e os postes afastaranse como mínimo a 4 metros do eixo dos camiños que limitan coa parcela nos lindes oeste e sur.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,25 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL ARDIÓNS LÓPEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Torre 12, Brión, consistentes en:

.- Instalar un portalón sobre o peche frontal existente de 5 m. de ancho e 1,80 m. de alto en aluminio verde.

.- Instalar una porta de aluminio para acceso peonil, no mesmo peche, da mesma cor e de 1 m. de ancho e 1,80 m. de alto.

.- Facer dúas soleiras de formigón, unha para acceso ata a vivenda e outra na parte posterior da finca cunhas dimensións de 13,8 m x 6,50 m., coa finalidade de instalar nun futuro placas fotovoltaicas.

A parcela (referencia catastral 5573613NH2457S0001OX) onde se pretenden executar as obras atopase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 para áreas non consolidadas pola edificación. A aldea da Torre está afectada pola presenza das Torres de Altamira, integradas no catálogo de bens de interese cultural, identificadas coa clave: BE1 – BR4 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 23.03.2023 (expediente 3562/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 134,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ HERMIDA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Urb. Monte Devesa 23, Os Ánxeles:

.- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a tella cerámica curva existente por tella nova das mesmas características, sen modificar a estrutura, nin incrementar o seu volume actual.

.- Reparación e pintado das fachadas da vivenda con pintura acrílica.

.- Substitución das canles e baixantes de recollida de augas pluviais.

A edificación (referencia catastral 6246121NH2464N0001RD) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se afecte á estrutura da cuberta nin ao seu volume.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 201,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 265,82 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ELENA LAGO LAMAS, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de poliéster, de 6 m. de longo por 3 m. de ancho e 1,40 de profundidade, na traseira da vivenda de Guisande 3, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6534605NH2463S0001ER) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A piscina afastarase como mínimo a 3 metros dos lindes particulares e a 8 metros do eixo do camiño.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 112,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 177,49 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL BOUZAS BECERRA, na que comunica que vai cambiar o ventanal que cubre a terraza da vivenda da Urb. Monte Balado 7, 2ºA, Os Ánxeles, por outras de características similares.

A parcela na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 93,51 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 158,08 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PIERLUIGI BOLZAN, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda da Urbanización Monte Balado 33, baixo C, Os Ánxeles, substituíndo as existentes por outras novas de PVC en cor branca.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 77,27 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 141,84 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROI XISTO SANJOSE, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda de San Salvador 27, San Salvador, en cor marrón ou rosa.

A edificación (referencia catastral 7522904NH2475S0002ZB) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,37 euros.

Total: 39,37 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN GARCÍA GARCÍA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Avd. de Noia 56, Os Ánxeles:

.- Revestimiento da fachada de 30 m<sup>2</sup> e posterior pintado.

.- Instalación dun portalón de entrada ao baixo, de 3x2,5 metros.

A edificación (referencia catastral 6147313NH2464N0030MP) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

ll) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JULIÁN FARIÑA PIÑEIRO, na que comunica que vai facer obras de recheo e peche dunha parcela rústica situada no Outeiro, Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 15013B505011810000MX) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico afectado por dúas categorías distintas, en parte de protección agropecuaria e en parte de protección de recursos hídricos.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución desfavorable de Augas de Galicia de data 10.04.2023 (expediente DH.W15.81626) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non autorizar as obras de recheo e peche da parcela polos seguintes motivos:

- Non consta a autorización de Augas de Galicia.
- De acordo co Plan Básico Autonómico, a parcela tamén precisa autorización en materia de protección agropecuaria, emitida pola Consellería de Medio Rural, a cal non foi presentada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL PILAR MAGARIÑOS SANTOS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Rúa Moutello 21, Brión:

- Arranxar a cuberta da vivenda substituíndo a tella cerámica curva existente por outra das mesmas características, sen modificar a estrutura, nin incrementar o volume actual mesma.

- Selado e pintado das fachadas da vivenda.

- Substituír 4 ventás existentes na cuberta por outras das mesmas características e dimensións.

A parcela (referencia catastral 6259913NH2466S0001KO) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e está dentro da zona de protección dun elemento incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificado coa clave BE13: antigo cine Mahía, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A fachada deberá pintase en cor branca ou nun tono da gama deste.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 220,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 285,37 euros

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MONSERRAT PRIETO ESPÍNEIRO, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda da Urbanización Monte Balado 35, baixo C, Os Ánxeles, substituíndo as existentes por outras novas de PVC en cor branca.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 171,46 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 236,03 euros

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Isaac Díaz Castro, que di actuar en representación de XOSÉ ELISEU MERA QUINTÁS, na que comunica que vai instalar 12 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda do Outeiro 41, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Juan Gabriel Suárez Riobó.

A parcela (referencia catastral 8242723NH2484S0001YY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 153,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 218,46 euros.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ ELISEU MERA QUINTÁS, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de poliéster, de 8 m. de longo por 3,80 m. de ancho e 0,70 a 1,80 m. de profundidade, na traseira da vivenda do Outeiro 41, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 8242723NH2484S0001YY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A piscina afastarase como mínimo a 3 metros dos lindes particulares.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 331,52 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 396,09 euros.

p) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Antonio Balsa Pazos, que di actuar en representación de Balsa Publicidad S.L., na que comunica que vai colocar carteis publicitarios temporais, suxeitos ás farolas da iluminación pública, de 70 x 110 cms., nos seguintes puntos:

.- Travesía urbana da Avd. Santa Minia, desde a Casa do Concello ata a rotonda da AG-56: 10 bandeirolas.

.- Travesía urbana da Avd. de Noia, desde a rotonda dos Ánxeles ata a Urbanización Balneario do Tremo: 20 bandeirolas.

.- Travesía urbana de Bastavales, entre o Bar Basilea e o Bar-Restaurante Padriño: 15 bandeirolas.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a instalación de carteis, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os carteis deberán situarse fora da zona de dominio público e non poden afectar nin interferir na sinalización, alumeado ou balizamento da estrada.

- Os carteis deberán retirarse nos días posteriores a finalización do evento que anuncian.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

q) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN PUERTAS FLORES, para legalizar a instalación dun depósito soterrado de gas propano de 2.450 litros, instalado na parte traseira do edificio de vivendas da Avda. dos Ánxeles 43, Os Ánxeles, para dar subministro a un obradoiro de pan sito na planta baixa do edificio. O depósito sitúase pegado a fachada traseira do edificio (lado dereito) e separado 5 metros dos lindes da parcela, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Bermo Pérez.

A parcela (referencia catastral 6546504NH2464N0000AS) onde se pretenden legalizar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras de legalización, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 49,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,31 euros.

r) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por Pedro Eduardo Sánchez García, que di actuar en representación de KISHOA SL, na que comunica que vai instalar 10 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda do Casal 6, Brión, segundo memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico de minas e enerxía Fabián Pérez García.

A parcela (referencia catastral 4950502NH2445S0001PU) onde se pretenden realizar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) do PXOM e atópase na aldea do Casal, que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural identificada coa clave BE-4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 27.04.2023 (expediente 419/23) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non autorizar as obras de instalación de módulos de placas solares no Casal 6, Brión, polos seguintes motivos:

.- A resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a instalación das placas solares no faldrón sur dunha nova cuberta de chapa anexa á vivenda do Casal 6, Brión e o interesado solicita a instalación na cuberta da dita vivenda, segundo memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico de minas e enerxía Fabián Pérez García.

.- Na memoria técnica non se fai referencia a unha nova construción auxiliar, nin se recolle da documentación gráfica a identificación da dita construción auxiliar con cuberta de chapa, tal e como se describe na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO GARCÍA SANDÁ, na que comunica o cambio de titularidade da licenza para o funcionamento da carpintería metálica e cerraxería de Chave de Ponte, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Carmen Fresco Ares, e preténdese poñer a nome de Alberto García Sandá.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:



1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de carpintería metálica e cerraxería de Chave de Ponte, Bastavales, a nome de Alberto García Sandá, DNI: \*\*\*3624\*\*.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Borja Sánchez Miranda, que di actuar en representación de ABEL ALAMILLO GORDO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Quintáns 20, Brión.

Con data 20/04/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle a Abel Alamillo Gordo e Ana Teresa Vertedor Palomo, licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Quintáns 20, Brión, segundo o proxecto de execución asinado polos arquitectos Borja Sánchez Miranda e Ángel Malvar Larriba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.02.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Ángel Malvar e Borja Sánchez Miranda, con data 24.11.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 25.11.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

#### **QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 5,75 kw á vivenda de Guldrís 9, Brión (referencia catastral 3867303NH2456N0000L). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 103 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 24.01.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 19.04.2023 (expediente 276/23) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.218,10 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 243,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 308,19 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico para uso agrícola a un alpendre de 19 m<sup>2</sup>., sito no lugar de Babenzo s/n., Bastavales (referencia catastral 8223324NH2482S0001EK). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gobia de 20 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 03.10.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 212,03 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,41 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,98 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda da Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles (referencia catastral 6647323NH2464N0001ED). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gobia de 66 metros de lonxitude, afectando 48 m. a un vial municipal e o resto a estrada autonómica AC-543, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 05.05.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 06.03.2023 (expediente nº IF204A/AC/2022/0713), da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia o 25.05.2022 (clave DH.W15.85564) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, na parte que corresponde ao Concello imponse un aval bancario por importe de 600,00 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

.- A obra deberá axustarse ás condicións impostas polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña do 06.03.2023 (expediente nº IF204A/AC/2022/0713).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 278,73 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 343,30 euros.

## **SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Gómez Portela, que di actuar en representación de OBRAS GALLAECIA SL, solicitando licenza para construír un edificio para 15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros, na Rúa Gafo 1, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.11.2022 e documentación complementaria visada con data 29.03.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7450846NH2475S0000BK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.11.2022 e documentación complementaria visada con data 29.03.2023.
- . Como garantía dos custes de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e para executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 10.500,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . A obtención da licenza para o edificio de vivendas non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 22.265,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 2.537,98 euros.

Total: 24.803,58 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JOSÉ JAVIER LÓPEZ CRENDE e MARÍA REGINA PRIETO JUSTICIA, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar en Sabaxáns 88, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.04.2023 (expediente 2301827).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B503735970000MS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.04.2023 (expediente 2301827).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018 no acordo de concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.039,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.135,33 euros.

#### **SÉTIMO.- RENUNCIA A LICENZA OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra menor concedida pola Xunta de Goberno Local do 08.02.2022, para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica á vivenda da Rúa da Pomba 7, Alqueidón, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, de data 14.05.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 08.02.2022.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 206,55 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 64,57 euros.

4º) Proceder á devolución do aval bancario por importe de 600,00 €, previo informe de intervención.

5º) Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **OITAVO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ LUÍS BALO MOSQUERA e MARÍA DEL CARMEN MIGUEL LOSADA, na que solicitan a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 03.08.2021, para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina, na Rúa Santiago 39, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.09.2020 (expediente 2004421); para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións segundo plano de emprazamento recollido no proxecto licenciado.

A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Aceptar a cesión efectuada de 66 m<sup>2</sup>, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 2 de maio de 2023.

#### **NOVENO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2023.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 05.05.2023 de prezo público para a asistencia ás actividades de conciliación de verán do ano 2023.

Visto o informe técnico do 08.05.2023 e o informe de intervención do 08.05.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades de conciliación de verán do ano 2023, de acordo coa seguinte tarifa:

.- Prezo público por participante por quincena.....35,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **DÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,32 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González